



E-Dixgal. As distincións

1. Introducción


As insignias son recompensas ou medallas que teñen a finalidade de premiar aos alumnos que cumpren unha serie de requisitos que previamente temos acordado, como pode ser unha actitude positiva, entrega de traballos concretos, resultados positivos nalgunha das actividades do curso, etc.

Antes de nada, aínda que non é obrigatorio, é interesante que o docente active o bloque das últimas insignias para que o alumnado visualice de maneira directa as distincións recibidas. Para isto, procedemos do seguinte xeito:

1. Activar a edición

Un botón rectangular azul con o texto "Activar a edición" en branco.

2. Engadir un bloque




3. Prememos en Últimas insignias



2. Crear as distincións no curso

1. Clic en distincións




Tamén podemos pinchar na columna da dereita



- ▼ Administración da materia
- ⚙️ Editar os axustes
- ⚙️ Completado de materias
 - > Usuarios
- ▼ Filtros
 - > Informes
 - > Cualificacións
 - > Distincións
- 📄 Copia de seguridade
- ⬇️ Restaurar
- ⬆️ Importar
- ↺ Restablecer
- > Banco de Preguntas

2. Prememos en Engadir unha nova distinción



3. Inserimos o nome e a descrición


▼ [Detalles da distinción](#)

Nome	①	<input type="text" value="Actitude colaboradora"/>
Versión	②	<input type="text"/>
Idioma	③	<input type="text" value="Galego"/>
Descrición	④	<input type="text" value="Por colaborar positivamente cos seus compañeiros"/>


4. Procuramos na rede unha imaxe que represente o recoñecemento. Por exemplo a seguinte **estrela**




Descargámola se subímola á aula virtual.



5. Na data de caducidade, dámoslle a este recoñecemento un mes de vixencia, por exemplo:



6. Clic en Crear unha distinción




3. Engadir os criterios para a asignación

A continuación definimos os criterios para a asignación dunha distinción

1. Clic en criterios



2. Neste primeiro exemplo a asignación será manual, é dicir, o docente asignaralle a premio de forma manual cando o considere. Para isto, nos criterios escollemos Emisión manual por rol.



3. Asinámos a emisión manual ao rol de profesor. Clic en Gardar

▼ Emisión manual por rol

Profesor sen permiso de edición

Profesor

▶ Este criterio está completo cando...

▶ Descripción

[Gardar](#) [Cancelar](#)

4. Clic en activar acceso para poñela dispoñible para os usuarios.




5. Clic en Continuar, para confirmar

4. Asignar unha distinción ao alumnado

Vexamos como se asigna unha distinción ao alumnado matriculado no curso.


1. Clic en xestionar as insignias




2. E deste xeito, accedemos ao xestor de insignias.

Nome	Estado da distinción	Criterios	Destinatarios	Accións
★ Actitude colaboradora na aula	Dispoñible para os usuarios	• Concedido por: Profesor	0	

Á dereita dispoñemos dun conxunto de iconas. Pinchamos no trofeo.



3. Seleccionamos os alumnos na columna da dereita e pinchamos no botón Distinción recibida




5. Asignación dunha distinción de forma automática polo sistema

No exemplo anterior analizamos a forma na cal o docente asigna unha distinción de maneira manual. Vexamos como se configura unha distinción para que a asignación a un alumno ou grupo de alumnos se faga de maneira automática, pero ademais sen renunciar a que un profesor pode asignala de maneira manual cando o desexe.

Para isto creamos unha nova distinción e analizamos o proceso paso a paso.

1. Clic en Distincións >Engadir unha nova distinción



2. Introducimos nome, descrición e unha imaxe, por exemplo dun trofeo

▼ [Detalles da distinción](#)

Nome ⓘ

Versión ⓘ

Idioma ⓘ

Descrición ⓘ

Imaxe ⓘ Tamaño máximo para ficheiros novos: 256KB
[Worldcup-Trophy-2014.png](#)

3. Configuramos a caducidade da distinción, por exemplo 7 días. Clicc en Crear unha distinción.

Data relativa
 días despois da data de concesión.

- Na pestana Criterios, engadimos o criterio Completado da materia

[Vista xeral](#) [Editar os detalles](#) **Criterios** [Mensaxe](#) [\[](#)

Distincións relacionadas (0) [Aliñamentos \(0\)](#)

Engadir criterios para distinción

- Escoller..
- Emisión manual por rol
- Completado da materia
- Distincións outorgadas
- Completado da actividade**
- Competencias

- Configuramos as tarefas que o alumno debe de entregar para que se asigne a distinción

Tarefa - Electricidade
 completado por
 Activar

Tarefa - Práctica 1
 completado por
 Activar

▾ Este criterio está completo cando...

Todas as actividades seleccionadas están completas
 Algunha das actividades seleccionadas están completas

- Pero ademais, nos criterios engadimos emisión manual por rol. Deste xeito, o docente pode asignar unha distinción de forma manual, sen necesidade de que o alumnado faga entrega de tódalas tarefas.

▾ Emisión manual por rol [?](#)

Profesor sen permiso de edición
 Profesor

▸ Este criterio está completo cando...


▸ Descrición

- Para que a asignación se faga de forma automática ou ben de forma manual por parte do docente, escollemos a opción Calquera

Esta distinción concédese cando...

Calquera dos criterios seleccionados están completados.

8. Activamos o acceso e confirmamos

Esta distinción non está actualmente dispoñible para os usuarios. Actíve o acceso se quere que os usuarios consigan esta distinción.  [Activar o acceso](#)

9. No caso de que o docente queira asignar unha distinción de forma manual, debe de pinchar en Xestionar as insignias, e seguidamente pinchar na icona do trofeo.